

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ESCOLA
SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA (ESADg)**

Pontevedra, 10 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte Dª María de los Remedios Ortega Iñarrea, na súa condición de Deputada da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias delegadas na Resolución Presidencial de 15 de xullo de 2019 (Rex. Nº 2019012988 de 15/07/2019).

Da outra Dª María Cristina Domínguez Dapena, na súa condición de Vicedirectora da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg), actuando en virtude das competencias que lle atribúe o seu cargo.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécese, mutuamente a capacidade e lexitimación suficientes para o outorgamento do presente documento, a cuxo fin

MANIFESTAN

Dende o departamento de Memoria Histórica púxose en marcha un proxecto plurianual denominado "O pasado por vir".

Partíase da idea de que a memoria non é só importante pola necesidade de facer xustiza co noso pasado, senón, e sobre todo, porque o exemplo desa xeración irrepetíbel pode axudarnos a mellorar a sociedade, presente e futura.

Coa memoria preténdese avanzar en democracia "O pasado por vir" quere ser un programa inconformista co discurso pre establecido e cunha realidade que fica estática en base á crenza de que non se poden mudar as cousas. Por iso, un piar fundamental será a loita contra calquera tipo de convivencia co fascismo, a loita contra a impunidade e a obriga de reparación que hoxe en día segue ferindo á memoria das vítimas e os sentimientos das súas familias.

Os piares fundamentais deste programa son a Investigación, a divulgación e a homenaxe, aspectos sempre tratados con perspectiva de país, perspectiva de clase e perspectiva de xénero.

A nosa memoria non se centra, aínda que o teña presente, no drama que padeceron as vítimas galegas senón nas súas ideas. A pretensión é homenaxear a traxectoria das víctimas, investigar as súas vidas e divulgalas, sobre todo entre a poboación máis nova e para iso buscaranse novos formatos como a música, o teatro, o audiovisual ou a banda deseñada, para avanzar en democracia cun programa inconformista que pretende mudar as cousas coa loita contra calquera tipo de convivencia co fascismo, ou a loita contra a impunidade que hoxe en día segue ferindo á memoria das víctimas e os sentimentos das súas familias.

Por todo isto a Deputación de Pontevedra está interesada na colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, para que se leve a cabo o "I Certame de Microteatro da Memoria" onde calquera persoa que así o desexe, deberá presentar tendo en conta as premisas comentadas anteriormente, pezas teatrais curtas que centren a súa temática arredor da memoria histórica. A idea é que en anos sucesivos esas pezas poidan levarse a centros de ensino e que a colaboración coa ESAD se amplíe con novos proxectos.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXETO

A través deste acordo, establecense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia para a elaboración dun certame de microteatro onde o obxectivo principal é reflexionar sobre os feitos de represión franquista e as súas consecuencias a través de propostas orixinais en formato breve de microteatro.

SEGUNDA.- DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER

A Deputación de Pontevedra aportará unha contía de 500 euros a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, que corresponde o importe do único premio dotado dessa cantidade.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O xurado estará conformado pola coordinadora de Normalización Lingüística da ESAD, un docente da ESAD e unha persoa que designe a Deputación.

A ESAD como organizadora do certame, a través das entidades que o organizan, posúe os dereitos da autoría para uso escénico no ano seguinte ao de saber a persoa gañadora, sempre no ámbito académico e sen prexuízo de outras cesións de uso.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes do Acordo.

Esta comisión encargarase da interpretación, supervisión e control do contido deste, acordo así como de elevar as propostas que se elaboren aos órganos competentes das dúas partes.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A achega económica por parte da Deputación para a realización deste acordo será de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 20/332.3322.226.10

QUINTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ás actuacións a que se refire o presente acordo (carteis, folletos, notas de prensa, paxina web e outros) a ESAD deberá facer indicación da imaxe corporativa e mais do financiamento pola Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente acordo de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a finalización das actuacións obxecto do acordo, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2020.

A vixencia do presente acordo de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

SÉTIMA.- REXÍME XURÍDICO

O presente acordo ten natureza administrativa e rexeraxe pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e demais lexislación en materia de réxime local, polos pactos que se conteñen neste acordo, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, as Bases de execución do orzamento da Deputación, e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Este Acordo non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no acordo, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste acordo. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimiento, acordan a submisión do presente Acordo á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecientes conveñen en asinar o presente documento, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

Deputación Provincial de Pontevedra

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Dña María de los Remedios Ortega Iñarrea María Cristina Domínguez Dapena

O Secretario da Deputación

Carlos Cuadrado Romay